


TAREFA 2: “ CÁPULAS SOSTIBLES ”



MESTRA: NEREA MOURIÑO REAL (PARELLA PEGÓXICA EN 2º DE EP)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVO: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

CONTEXTO : 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO: 2020/2021

1. IDENTIFICACIÓN

TAREFA: A AUGA. MENSAXES PARA O FUTURO

ETAPA	Primaria	NIVEL	1º e 2º
AREAS	CIENCIAS NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS, MATEMÁTICAS, LINGUA GALEGA, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	MESTRA	NEREA MOURIÑO REAL

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Co fin de dar continuidade a primeira tarefa do ámbito natural e social este trimestre o alumnado investigará para elaborar un decálogo de boas prácticas sostibles e coidar así do medio ambiente, comezando polo contorno mais próximo. O produto final, será unha cápsula do tempo con mensaxes (resumo do traballado) para o futuro. Promocionarase o decálogo para que adquira a súa relevancia social real, enviándolle as familias o resultado a través das redes sociais do centro educativo.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

A tarefa que levamos a cabo está integrada no programa "Escola verde" no que este ano participa o CEIP número 1. O obxectivo é que a cidade de Tui en xeral e o noso centro educativo en particular, desenvolvan e integren accións que permitan coidar o noso planeta e facelo mais sostible. Queremos que estas accións se manteñan no tempo e formen parte da nosa vida cotiá. Durante este trimestre a tarefa centrarase nos aspectos relacionados coa auga.

CONTEXTO:

Ámbito de aprendizaxe "NATURAL SOCIAL"

1. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACION 1	INDICADOR AVALIACION 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3	INDICADOR AVALIACIÓN 4
<p>1. Reporteiros de andar pola casa .</p> <p>Vídeo motivación inicial. Durante as vacacións de nadal o alumnado viu coa súa familia, un vídeo no que un marciano lles daba instrucións para comezar a segunda misión do ámbito social-natural: Facer de reporteiros e recoller fotografías tanto pola casa como na rúa, de malas prácticas ou hábitos negativos para o coidado do noso planeta.</p>	<p>LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.</p>	<p>LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.</p>		
<p>2. Asemblea sustentable:</p> <p>Abrimos a sesión cun</p>	<p>LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos,</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas:</p>	<p>LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións</p>	

<p>circulo para observar e comentar as fotos e a información que recolleron como reporteiros durante o nadal.</p> <p>Repasaremos o panel scrum entre todos.</p>	<p>vivencias e emocións propias.</p>	<p>escoita e respecta a quenda de palabras.</p>	<p>de comunicación: - diálogos , exposicións orais, etc</p>	
<p>3. Vexo, penso e me pregunto: Soporte 1. Colocarei as fotografías nunha parede da aula para que poidan observalas con detalle e cubrir por equipos a través da dinámica lapis ao centro cada parte da rutina de pensamento. Logo o portavoz lerá as impresións escritas</p>	<p>LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.</p>	<p>LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas</p>	<p>VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas</p>	
<p>4. Detectives. Entregarase ao alumnado unha insignia de detectives que levarán colgada e cada equipo irá por diversas zonas do cole (sala de mestres, patio, biblioteca etc) para anotar ou fotografar (coa tablet) as malas prácticas que vexan cara o medio ambiente.</p>	<p>CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo</p>	<p>VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas</p>	
<p>5. Ao chegar a aula cada equipo lerá e amosara os datos recollidos e logo xeraran en cada caso un cartel que se colocará nesas zonas onde investigaron mediante <u>folio xiratorio</u>. Remate de sesión con circulo.</p>	<p>LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.</p>	<p>LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións</p>	<p>LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.</p>	<p>VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.</p>

<p>6. Inicio da 2ª sesión cun círculo e repaso do panel SCRUM</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p>			
<p>7. Visualizaran un vídeo https://youtu.be/nvUqnpicSd0 sobre prácticas sostibles para o medio ambiente</p>	<p>LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.</p>	<p>LCB1.6.1. Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.</p>		
<p>8. Por equipos a través da dinámica lapis ao centro recolleran nun buble maps as ideas principais que viron no vídeo completando a información (palabras, debuxos) coa atopada en libros (soportes). Logo un/unha portavoz de cada equipo exporá diante do grupo-clase a palabra que lle tocou e as ideas que recolleron</p>	<p>CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.</p>	<p>CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.</p>		
<p>9. Experimento da contaminación no océano. Cada equipo seguirá as intrucións que aparecen nun cartel. Coller un tupper e verter nel auga e colorante azul do que disporán na mesa, logo rochas e peixes e barcos de xoguete. Noutro recipiente mesturaran cacao en po e aceite. Por último remexeran a</p>	<p>CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<p>CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.</p>		

<p>mestura. Logo terán que intentar quitar o ``petroleo`` dos peixes e barcos e verán o complexo que é.</p>				
<p>10. Representación gráfica do que observamos no experimento. Cumprimentaremos o seguinte SOPORTE 3 para representar de forma escrita ou mediante un debuxo o que aconteceu no experimento.</p>	<p>CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<p>LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas</p>		
<p>11. “As malas novas” Analizaremos a seguinte noticia que se lle presentará ao alumnado en formato A3. Lerana por equipos a través de lectura compartida e anticipamos o que imos facer na vindeira semana (sairemos a unha recollida de lixo grupal por distintas zonas de Tui). https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/tui/2018/03/02/residuos-tipo-acumulan-embarcadero-tui/0003_201803V2C8992.htm</p>	<p>LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.</p>	<p>VSCB2.2.2. escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo</p>		
<p>12. Fin da sesión cun círculo. Autoavaliación equipos</p>	<p>VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.</p>			
<p>13. Inicio da 3ª sesión. “As malas novas”. Círculo de inicio de sesión. Lembramos a noticia que observamos no día anterior e revisamos o panel SCRUM</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p>			

<p>14. En 2º Lectura común do conto: RANA DE TRES OJOS, que trata el tema de la contaminación. En 1º de EP esta lectura será realizada pola mestra e eles farán o seguinte paso.</p>	<p>LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.</p>			
<p>15. Trala lectura e por equipos recolleran a través dun folio xiratorio as ideas principais que sacaron da lectura e por equipos sairán a leer as suas ideas.</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo</p>	<p>LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.</p>	<p>LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas</p>	
<p>16. ``CONTA ATRAS``. Experimento para observar o consumo da auga. Cada equipo fará o experimento: Primeiro abriran de todo a billa durante 5 segundos e colocaran unha xarra debaixo para logo traspasar o líquido a un medidor. Repetiran o proceso pero abrindo a chave a metade. ¿Que aconteceu no experimento? Responden a esta cuestión no soporte 3 mediante lapis ao centro.</p>	<p>VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas</p>	<p>CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.</p>	<p>CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	

<p>17. Circulo de peche de sesión.</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p>	<p>VSCB2.2.2. Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo</p>		
<p>18. Cuarta sesión: ``Circulo de inicio de sesión`` Asemblea . Cada neno pensa nun súper poder. Revisamos o panel scrum</p>	<p>LCB1.1.2. Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.</p>	<p>LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos , exposicións orais, etc</p>		
<p>19. Cada neno/a despois do que falamos na asemblea debuxara ou coloreara o seu súper heroe/heroína (plantillas ou debuxo libre) e cubriran unha ficha de presentación: Nome do súper heroe_ heroína/ o seu `poder de cara a protexer o medio ambiente/ como emprega ese poder (SOPORTE 4)</p>	<p>EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.)</p>	<p>EPB1. 5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.</p>		
<p>20. Logo cada neno/a presentará ao grupo o seu súper heroe/heroína. Unha vez rematen a presentación por equipos xeraran unha historia na que estean involucrados os súper heroes e teñan unha misión de cara a sustentabilidade do planeta.</p>	<p>LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo</p>	<p>LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos,</p>	
<p>21. “Cápsulas sostibles”. O alumnado escribirá de xeito individual (con axuda se o precisa) unha mensaxe</p>	<p>VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas</p>	<p>LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito</p>	<p>LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo</p>	

<p>con consellos e prácticas que se enviará por un lado a diversas empresas de Tui e por outro lado unha copia, se meterá nunha cápsula do tempo que unha vez chea cos mensaxes dos nenos de todos os cursos, se enterrara baixo terra ata o ano 2028. O obxectivo é que o futuro alumnado, ou as persoas que a atopan, teñan mensaxes que lles axuden a coidar bens que agora estamos mal gastando</p>		<p>escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos,</p>		
<p>22. Circulo de peche de sesión e avaliación de cada equipo.</p>	<p>VSCB1.4.2. Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.</p>	<p>. LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: - Diálogos - Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.</p>		

2. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>1. Reporteiros de andar pola casa . Vídeo motivación inicial</p>	<p>1. Ver o vídeo e comprender a misión</p>	<p>2. Recoller en fotografías con axuda, accións negativas para o coidado do medio ambiente</p>		
<p>2. Asemblea sustentable</p>	<p>1. Circulo de comezo de sesión</p>	<p>2. Visualizaran as fotos que tomaron durante o nadal</p>		
<p>3. Repaso do panel Scrum</p>	<p>1. Plan de traballo</p>	<p>2. Obxectivos</p>	<p>3. Temporalización</p>	

4. Vexo, penso e me pregunto	1. Análise das fotografías	2. Cubrir en equipo o soporte 1	3. Lectura polos reporteiros das ideas recollidas	
5. Detectives na escola	1. Colócanse as medallas e cada equipo colle o material	2. Seguen as instrucións escritas	3. Acoden á zona do cole indicada en busca de malas prácticas e fan fotos, debuxos ou apuntan as mesmas	
6. Creación dun cartel por cada equipo(escrito, debuxos, etc) para colocar en diversas zonas do cole e concienciar do cambio de malos hábitos que anteriormente anotaron.	2. Reparto do material	3. Posta en común en cada equipo das ideas	4. Folio xiratorio	5. Colocación do cartel coa axuda da mestra
7. Pechamos sesión con circulo e autoavaliación	1. Expresan opinións e escoita activa das alleas	2. Autoavaliación individual e de equipos		
8. Inicio da segunda sesión circulo	1. Revisión do panel scrum	2. Plan de traballo	2. Obxectivos	3. Temporalización
9. Vídeo sobre a contaminación	2. Ver e comprender o vídeo	3. Recoller as ideas principais en equipo a través de lapis ao centro nun Bubble mups	4. Revisar outro material para obter información (libros)	
10. Experimento por equipos: A contaminación no océano	1. Lectura compartida por equipos das instrucións a seguir	2. Levar a cabo por quendas o experimento	3. Recollida de conclusións no SOPORTE 3.	
11. As malas novas. En gran grupo leremos unha noticia sobre un suceso relacionado coa contaminación da auga ocorrido en Tui.	1. Atender a lectura e comprender a mesma	2. Preguntar e resolver dubidas		

12. Circulo de peche de sesión	1. Adiantamos o que van a facer na seguinte sesión			
13. Circulo de comezo da 3ª sesión.	1. Recordamos a noticia da que falamos na sesión anterior	2. Repasamos o panel Scrum e misión que temos para hoxe		
14. lectura do conto:Rana de tres ojos	1. escoitar, comprender e facer interpretacións sobre as ideas presentadas no conto	2. Por equipos, recolleran as ideas e as conclusións da lectura, mediante un folio xiratorio	3. Entre os tres ou catro membros do equipo, explicaran e amosaran as súas ideas ao grupo	
15. Conta atrás: Experimento sobre o consumo da auga na escola	1. escoitar e comprender as instrucións	2. Repartirse en cada equipo o traballo e revisar o material. Un deles contará o tempo, outro abrirá a billa etc	2. Experimento	4. Recollida de datos. Soporte 3 ¿ Que ocorre? ¿ Cando se gasta mais auga? Estimacións
16. Circulo de peche de sesión	1. Faremos un repaso do feito. Cada neno/a dirá como se sentiu e tamén avaliará o traballo do seu equipo			
17. Asemblea/circulo de inicio de sesión	1. Cada neno/a fala dun súper heroe para introducir a primeira actividade	2. Revisamos o panel scrum		
18. Cada neno/a debuxa ou colorea (plantilla) un súper heroe/heroína. Escollera un nome, é un poder relacionado co coidado do planeta	1. Debuxa ou escolle a plantilla do súper heroe e píntao	2. Recórtao e pégao no soporte 4. Inventa e escolle un nome, e un poder para o coidado do planeta	3. Explica ao grupo quen é o súper heroe e que fai polo noso planeta	4. Por último en equipo crearan unha historia na que participen todos os súper heroes do mesmo, e na que relaten unha anécdota do noso medio ambiente
18. Creación de	1. Observar antes	2. Creación dun	3. Meteran os	

mensaxes para os comerciantes e veciños de Tui. Estes mensaxes serán escrito e á vez unha copia meterase na cápsula do tempo que está na entrada do cole que se enterrará.	soportes nos que se lles recadaran posibles malas accións e as diversas formas de contaminar	mensaxe (vídeo, foto, debuxo, escrito, etc) por equipos	mensaxes escritos na cápsula do tempo	
19. Enterramos a cápsula do tempo cos nosos mensaxes. Pechamos sesión	1. ¿ Porque en plástico?	2. Autoavaliación de cada equipo e recollida no caderno	3. Circulo de remate de sesión	

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Reporteiros de andar pola casa . Vídeo motivación inicial	Casa	Individual	Vídeo	
2. Asemblea sustentable	Aula	Gran grupo	Fotografías, panel scrum	15 min
3. Vexo, penso e me pregunto	Aula	Equipos	Soporte 1	20 min
4. Detectives na escola	Aula	Equipos	Cadernos de detectives/tablet	30 min
5. Carteis para a escola	Aula	Equipos	Cartolinas, libros, pinturas	30 min
6. Circulo de remate de sesión	Aula	Gran grupo		15 min
7. Circulo de comezo de sesión/ Repaso do panel Scrum	Aula	Gran grupo	Panel Scrum	15 min
8. Vídeo: Planeta sostible	Aula	Gran grupo	Vídeo	5 min
9. Bubble mups ideas principais do vídeo	Aula	Equipos	Soporte 2	20 min
10. Experimento da contaminación no océano.	Aula	Equipos	Pictos e explicación. Tupper de plástico, colorante azul, peixes e barcos de xoguete, cacao e aceite.	40 min
11. Representación dos datos observados no experimento	Aula	Equipo	Soporte 3	15min
12. ``As malas novas``leemos a noticia. Circulo de fin de sesión	Aula	Gran grupo	Soporte 4	15-20 min

13. Circulo de inicio de sesión. Recordamos a noticia ``Malas novas`` e a misión do día	Aula	Gran grupo	Soporte 4. Panel Scrum	15 min
14. Lectura do conto: Rana de 3 ojos	Aula	Gran grupo	Libro	6 min
15. Conclusión da lectura: Folio xiratorio	Aula	Equipo	Folio	15 min
16. Conta atrás. Experimento a auga	Aula	Equipos	2 cubetas, cronometro e auga	60 min
17. Conclusións do que ocorreu	Aula	Equipo	Soporte 5.	15 min
18. Accións para cambiar o mundo. Xeramos mensaxes: fotos, carteis, notas	Aula	individual e equipos	Soporte 6.	30 min
19. Cápsulas con mensaxes	Aula	Equipos		10 min
20. Enterramos as mensaxes.Circulo de peche de sesión e autoavaliación por equipos	Aula	Equipos e gran grupo	Papel, botelliñas	15 min

3. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Alumnado Aprendizaxes-Habilidades-Actitudes	- Observación directa - Escala de estimación
Práctica docente	Lista de cotexo
Desenvolvemento da tarefa	Lista de cotexo

ALUMNADO APRENDIZAXES-HABILIDADES-ACTITUDES

ESCALA DE ESTIMACIÓN	1	2	3	4	5
Amosa disposición para ofrecer e recibir axuda					
Respecta as quendas de palabra					
Escoita e respecta as opinións dos demais					
Autoavalia o seu traballo e reflexiona sobre o proceso de aprendizaxe					

Asume as súas responsabilidades dentro do equipo					
Participa de xeito activo nas actividades de gran grupo					
Ten iniciativa na toma de decisións					
Realiza exposicións orais propias para a súa idade					
Emprega un vocabulario axeitado a súa idade nos intercambios orais					

PRÁCTICA DOCENTE

LISTA DE COTEXO	SI	NON
Deuse resposta as principais necesidades do alumnado		
Atendeuse a diversidade do alumnado (ritmos, intereses, habilidades, etc)		
Conseguíuse un bo clima de traballo no aula		
Fomentouse a motivación do alumnado cara as actividades		
Mantívose unha colaboración e coordinación entre o profesorado implicado		

PLANIFICACIÓN E DISEÑO DA TAREFA

LISTA DE COTEXO	SI	NON
A tarefa está adaptada as características e necesidades do contexto real do aula e respecta a atención á diversidade		
As actividades deseñadas atópanse na ZDP do alumnado		
Os recursos proporcionados ao alumnado foron adecuados para realizar as tarefas con éxito		
Os obxectivos foron axeitados para poder ser acadados polo alumnado		
Acadáronse os principais obxectivos propostos		
Traballáronse os estándares de aprendizaxes seleccionados para á tarefa		
A avaliación integrouse como un elemento mais da aprendizaxe e non paralelo á mesma		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa		

A temporalización prevista axustouse a realidade		
Recolléronse propostas de mellora		
A tarefa está axustada á normativa vixente e garda coherencia co PE de centro		